

CONVOCATORIA 2018/2019 PARA PROGRAMAS ERASMUS DE MOVILIDADE DOCENTE NO MARCO DO PROXECTO CONSORCIO ERASMUS CARTES.

PRESENTACIÓN

Por medio da presente convocatoria, a **Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia** presenta a súa oferta de mobilidades de profesorado para docencia ou formación no curso 2018/2019, no marco do **proxecto 2018-1-ES01-KA107-049848**.

- 1 Mobilidade destino Camboia. *Royal University of Fine Arts of Cambodia. Phnom Penh.* University of Limkokwing. Phnom Penh.
- 1 Mobilidade destino Albania

OBXECTIVOS XERAIS:

- Ampliar as posibilidades de desenvolvemento personal e profesional do persoal docente da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.
- Internacionalizar o contido dos estudos que ofrece a ESCRBBCCG a través do efecto multiplicador que exercerá a experiencia internacional dos profesores, ademais de ampliar e enriquecer o abanico de cursos impartidos.
- Fomentar o intercambio de coñecementos técnicos e experiencias sobre métodos pedagóxicos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

O proxecto vixente contempla a posibilidade de desplazarse a unha institución de ensinanza superior que dispoña de carta Erasmus co obxectivo de recabar información e formación acerca do seu modelo educativo, estratexias pedagóxicas, e desenvolvemento dos estudos, de cara a diseñar futuras estratexias de colaboración ou programas de mobilidade de docentes e alumnos.



BENEFICIARIOS

As mobilidades están dirixidas a calquera membro do personal docente da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Daráse preferencia as primeiras participacións nos programas Erasmus, así como as solicitudes de profesores que presenten actividades de mobilidade que permitan elaborar novos materiais didácticos e/ou que fomenten a consolidación ou a ampliación dos vínculos con outros centros, así como tamén sirvan para preparar futuros proxectos de cooperación e intercambio cos centros de destino. A idoneidade dos perfís docentes por especialidade será tamén tido en conta, en función da natureza ou necesidades de cada proxecto, así como o coñecemento do idioma.

XESTIÓN/TRAMITACIÓN

A xestión das activades das mobilidades docentes levarase a cabo pola comisión Erasmus da ESCRBBCCG e polo equipo directivo nos casos en que corresponda.

PROCEDIMENTO DE SOLICITUDE

Informarase puntualmente vía Email ou reunión da **disponibilidade de mobilidades**, en función das necesidades e medios disponibles. Os candidatos deberán comunicar a Coordinación Erasmus o seu interés por escrito, **achegando o formulario de solicitude de mobilidade docente**.

A Comisión Erasmus resolverá comunicando directamente por escrito os interesados, en función dos criterios de concesión e a capacidade presupuestaria.

A petición segundo o modelo de formulario de solicitude deberá acompañarse dunha **proposta ou programación docente ou programa de actividades** a levar a cabo no centro de acollida segundo o **formulario de proposta docente**.



OBSERVACIÓNS

No caso de que un solicitante forme parte da propia Comisión Erasmus da ESCRBBCCG, para o seu proceso de selección un membro do equipo directivo tomará parte no seu lugar.